

GAÑADOR SECUNDARIA

SANTIAGO ESPERÓN ABRIL

2º curso IES de Valga

ACURRALADA

Xa non sei canto tempo levo aquí metida. Trouxéronme nunha especie de caixón que cheiraba a cartóns vellos e a excrementos. Probablemente xa pasaron por aquí outras antes ca min, sabe Deus cantas. Hai un pequeno burato sobre min polo que entra unha raiola de sol e unha brisa de aire primaveral, pero non chego a el para mirar o que hai fóra. Sinto laios, parece ser que non son a única que está retida contra a súa vontade.

Chegamos ao noso destino, agora xuntáronnos a todas. Somos polo menos unha ducia, pero estamos tan desorientadas que non somos capaces de reaccionar contra os nosos raptos. Damos de comer a todas xuntas e, como non nos chega a comida pelexamos por ela. Hai unha que é moi mala e quítanos a maior parte do alimento.

Parecemos robots, aínda que algunhas das miñas amigas intentaron escapar non foron capaces e despois non as volví ver nunca. Non me gusta nada este lugar, sobre todo porque escasea a auga e estamos moi deshidratadas. Xa levo aquí bastante tempo, e de momento non sei que facer para escapar. Cada vez estou máis desesperada.

Todos os días pola noite durmo no chan porque non hai máis sitio e teño moito frío e medo. Un día, cando estabamos durmindo atacáronnos e acabaron coa vida dalgúns compañeiros.

Sinto dor no meu interior, algo me está acontecendo. Despois dun anaco de tempo, noto unha presión continua que me atravesa todo o abdome, finalmente poño o meu primeiro ovo. Son unha galiña. Para min a vida continúa, de momento.